

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 2 DE AGOSTO DE 2018,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo polo que se regula a Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio de colaboración entre a Fundación Deporte Galego e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento da Cátedra S.X.D. Galicia Activa, a distribuír nas anualidades 2018, 2019 e 2020, por importe total de sesenta mil euros (60.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado da contratación, suxeita a regulación harmonizada, da concesión do servizo para a explotación do complexo de aloxamento do parque Monte do Gozo, tramitado por procedemento aberto, por un orzamento de licitación, sen IVE, dun millón seiscentos cincuenta e dous mil oitocentos noventa e dous euros con (1.652.892,56€) e un valor estimado de setenta e tres millóns catrocentos noventa e oito mil noventa e oito euros con cincuenta e dous céntimos (73.498.098,52€).

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía, Emprego e Industria a adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e de conformidade co previsto nos artigos 63 e 67 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a incrementar as

porcentaxes máximas dos anticipos de pagamento e a eximir de garantías nos supostos de pagamentos anticipados destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a Centros Especiais de Emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2018-2019, por un importe total de doce millóns catrocentos sesenta mil euros (12.460.000,00€).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a realización de compromisos de gasto de carácter plurianual, por importe dun millón de euros (1.000.000,00€), derivados da orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan cen bolsas para a mocidade do exterior, co fin de cursar estudos de formación profesional de grao superior que se inicien no curso académico 2018-2019 nun centro con ensinanzas sostidas con fondos públicos de Galicia (ED333A).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e I-LAB Centro Especial de Emprego SL, para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de vinte e un mil setecentos trinta e seis euros con cincuenta céntimos (21.736,50€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da Addenda ao convenio, asinado o 24 de novembro de 2005, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional e, especialmente, nas da familia profesional madeira, moble e cortiza, por un importe total de trinta mil cincuenta euros (30.050,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da Addenda ao Convenio de colaboración educativa entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro para a impartición de ensinanzas de formación profesional da familia de sanidade, por un importe total de trinta e seis mil euros (36.000,00€).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Laboral de la Construcción sobre a colaboración educativa nas ensinanzas da familia profesional de Madeira, moble e cortiza, por un importe total de vinte mil euros (20.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello do Barco de Valdeorras, para a realización das obras comprendidas no proxecto "peches laterais, porche e dotación de aseos en pista deportiva cuberta no CEIP Julio Gurriarán", por un importe total de catrocentos corenta e un mil catrocentos vinte e catro euros (441.424,00€).

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Deputación Provincial de Pontevedra para a creación dunha unidade mixta denominada "xestión de pragas e enfermidades forestais" durante os anos 2018, 2019, 2020, 2021 e 2022, por un importe dun millón trinta e cinco mil seiscientos setenta e nove euros con corenta e catro céntimos (1.035.679, 44 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e a Empresa Pública Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA) en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias durante os anos 2018, 2019, 2020 e 2021, por un importe de vinte e oito millóns cento noventa e seis mil euros (28.196.000,00€).

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual derivado da Orde pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para os/as titulados/as en ciclos formativos de acuicultura e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 por importe de oitenta e un mil setecentos vinte euros (81.720,00€).
- Acordo polo que se autoriza a concesión pola Consellería do Mar de dúas axudas económicas a Acuidoro, S.L., por importe total de catro millóns vinte e catro mil cento corenta e oito euros con corenta e sete céntimos (4.024.148,47€) para a

execución dos proxectos: “Novo ras de linguado e ampliación nursery de rodaballo” e “Melloras en engorda, Hatchery Cervo”.

- Acordo polo que se autoriza a concesión pola Consellería do Mar dunha axuda económica de catro millóns cincocentos cincuenta e tres mil catrocentos cincuenta e cinco euros con trinta e sete céntimos (4.553.455,37€) a Auxiliar Conservera, S.A., para a execución do proxecto “Modernización Tecnolóxica e Medioambiental de Planta de Transformación de Subproduto de Peixe.”
- Acordo polo que se autoriza a concesión pola Consellería do Mar de tres axudas económicas por importe total de tres millóns trescentos cincuenta e tres mil trescentos sesenta e un euros con oitenta e sete céntimos (3.353.361,87€) á Depuradora de Moluscos La Sirena, S.L, para a execución dos proxectos: “Lanzamento novos produtos elaborados salsa lixeira e medidas aforro enerxético/xestión de residuos”, “Lanzamento novos produtos innovadores, introdución novos sistemas de xestión/organización e medidas de aforro enerxético” e “Lanzamento novos produtos elaborados con innovación industria 4.0 en procesos clave”.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre os importes das entregas a conta dos recursos do sistema de financiamento do exercicio 2019 e da previsión de liquidación definitiva do devandito sistema para o ano 2017 comunicadas polo Ministerio de Facenda.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a bases reguladoras para o 2018 dos premios e axudas aos proxectos demostradores da Industria 4.0.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe sobre Formación Profesional Galega; Calidade, Innovación e Emprego.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre a aprobación das axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios para o periodo 2014-2020, cofinanciadas co Feader.

## CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución das axudas destinadas a investimentos produtivos en acuicultura cofinanciadas co FEMP, convocadas no 2018.
- Informe sobre a resolución das axudas destinadas a investimentos en PEMES de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura cofinanciadas co FEMP, convocadas en 2018.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE DECRETO QUE REGULA A COMISIÓN DE ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS**

- *A comisión é un órgano consultivo de estudo, coordinación, seguimento e asesoramento entre Administracións nas materias reguladas pola Lei de espectáculos e actividades recreativas*
- *Este decreto dá cumprimento á mesma lei que recolle a creación desta Comisión que estará integrada por representantes da Administración autonómica, da Fegamp e do sector*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto que regula a comisión de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e que se configura como un órgano consultivo de estudo, coordinación, seguimento e asesoramento entre as administracións autonómica e local nas materias reguladas pola Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e dando cumprimento á mesma lei que no artigo 10, establece a creación desta comisión.

O decreto ten por finalidade regular a composición, estrutura e funcionamento da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia e ten como funcións principais, a formulación de propostas, emisión de informes que se lle soliciten sobre a interpretación, aplicación e modificación das disposicións da lei; a elaboración de recomendacións para mellorar a actuación e promover a coordinación das Administracións e a emisión de informes sobre o proxecto de orde de determinación do horario xeral de apertura e peche dos establecementos e de inicio e finalización dos espectáculos obxecto desta lei.

### **Composición da comisión**

Estará composta por unha presidencia, unha vicepresidencia e quince vogalías, das cales 7 serán en representación da Administración autonómica, 2 da Fegamp e seis de representantes dos sector, veciños, consumidores e usuarios.

Debido á cantidade de entidades que engloban os diferentes sectores existentes en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas e a imposibilidade de que todas poidan estar representadas no seo da Comisión, establécese a posibilidade de crear grupos de traballo específicos cos distintos sectores afectados para a elaboración de propostas e a análise das disposicións normativas que lles afecten.

Concretamente, constituiranse o grupo de traballo do sector dos espectáculos públicos e o grupo de traballo do sector das actividades recreativas. A composición e funcionamento dos grupos de traballo determinarase pola propia comisión e formarán parte deles as diferentes entidades representativas dos dereitos e intereses dos

---

diversos sectores e colectivos que abranguen os espectáculos públicos e as actividades recreativas. Corresponderalle aos grupos de traballo, entre outras funcións, a elaboración de propostas para o seu debate no seo da comisión.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A CREACIÓN DA CÁTEDRA 'SXD GALICIA ACTIVA'

- *En base ao convenio aprobado, a Xunta de Galicia, a Fundación Deporte Galego e á Universidade da Coruña realizarán actuacións conxuntas para fomentar a investigación e transmisión de coñecementos en materia de actividade física como instrumento para a prevención das enfermidades crónicas non transmisibles e satisfacer así as necesidades dos cidadáns*

O Consello da Xunta vén de aprobar o convenio de colaboración entre a Fundación Deporte Galego da Secretaría Xeral para o Deporte e a Universidade da Coruña (UDC) para a creación e regulación da cátedra 'SXD Galicia Activa' coa fin de fomentar o intercambio de experiencias nos campos da docencia, a investigación e a cultura en xeral. Tanto a Fundación Deporte Galego como a Universidade da Coruña consideran de interese común promover a cooperación e a colaboración para o desenvolvemento cultural, científico e tecnolóxico, procurando unha aplicación práctica do coñecemento en proveito da nosa sociedade.

En base ao convenio aprobado, a Xunta de Galicia, a Fundación Deporte Galego e a Universidade da Coruña realizarán actuacións conxuntas para fomentar a investigación e transmisión de coñecementos en materia de actividade física como instrumento para a prevención das enfermidades crónicas non transmisibles e satisfacer así as necesidades dos cidadáns. A Universidade analizará os datos recollidos no ámbito do Plan Galicia saudable e formulará as futuras liñas de actuación neste ámbito baseadas no coñecemento científico. Para iso, a Universidade creará contratos e bolsas de investigación, colaborará en mestrados e programas de formación, convocará premios, concursos e traballos, outorgará conferencias e seminarios, realizará xornadas de divulgación, exposicións ou visitas a empresas, creará órganos de seguimento de indicadores e publicará e difundirá os informes pertinentes.

Os obxectivos estratéxicos da cátedra serán favorecer a divulgación dos beneficios da adopción de estilos de vida fisicamente activos entre a poboación galega; contribuír á formación de profesionais cualificados para incrementar os estilos de vida fisicamente activos; fomentar a investigación e transmisión de coñecementos en materia de actividade física como instrumento para a prevención das enfermidades crónicas non transmisibles e dos seus factores de risco; asesorar na implementación, o seguimento e a avaliación das medidas do Plan Galicia saudable e no establecemento de prioridades de intervención; así como desenvolver tarefas de investigación relacionadas coas medidas do Plan Galicia saudable e de observación das condutas sobre actividade física e sedentarismo da poboación galega.



A Fundación comprométese a colaborar no desenvolvemento da cátedra mediante a súa achega económica, co obxecto de posibilitar a realización das actuacións conducentes á consecución dos obxectivos da cátedra. A Fundación Deporte Galego financiará a cátedra achegando 20.000 euros en cada anualidade (2018, 2019 e 2020) ata chegar a un importe máximo de 60.000 euros que é o valor das actuacións. O presente convenio comezará a producir os seus efectos a partir da súa sinatura e terá unha duración de tres anos, podendo ser renovado por períodos anuais.

## A XUNTA AUTORIZA A NOVA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A EXPLOTACIÓN DO COMPLEXO DE ALOXAMENTO DO PARQUE MONTE DO GOZO CON ATRACTIVAS MELLORAS NAS CONDICIÓNS DA CONCESIÓN

- *Suprímense as piscinas do ámbito de concesión e a S.A de Xestión do Plan Xacobeo comprométese a contribuír ao financiamento dos gastos derivados da devandita contratación polo total de dous millóns de euros*
- *A explotación do complexo inclúe o aloxamento, con preto de 250 habitacións; sete tendas, restaurante e cafetería así como zonas verdes e urbanización. A concesión pasará de 10 a 15 anos, prorrogable por cinco anos máis*
- *Esta acción permite avanzar no Plan de Actuación do Parque Monte do Gozo, no que a Xunta está a reforzar este espazo como clave no eido xacobeo e a cidade de Santiago de Compostela como meta de peregrinación*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación da concesión do servizo para a explotación do complexo de aloxamento do Parque Monte do Gozo con notables melloras nas súas condicións, que o fan máis atractivo aos anteriores procesos que quedaron desertos. Reformuláronse agora os pregos, tras ter feito, ademais, un esforzo de revitalización na súa contorna cunha serie de accións directas por parte de Turismo de Galicia que afondaron na adecuación da imaxe e dinamización do complexo para atraer visitantes e veciños e convertelo nun lugar idóneo para lecer e para pernoitar.

A nova contratación do servizo para a explotación do complexo de aloxamento do Parque Monte do Gozo suprime do ámbito da concesión as piscinas polo que inclúe nesta ocasión o aloxamento cunha capacidade estimada de 620 prazas de aloxamento distribuídas en pavillóns que contan con 248 habitacións das que 196 son dormitorios con aseo propio de 17,74 m<sup>2</sup> de superficie e 52 son cuartos sen aseo propio cunha superficie de 18,01 m<sup>2</sup>. Engádese como mellora, a posibilidade de incluír seis pavillóns a maiores. A concesión tamén inclúe sete tendas nas que se prevé a xestión directa polo concesionario ou aluguer; restaurante e cafetería, así como zonas verdes e urbanización.

Revisáronse de xeito máis profundo as obras necesarias para a posta en funcionamento do complexo, coa conclusión de que para garantir a viabilidade é indispensable acometer non só a posta a punto das edificacións e urbanización, senón incluír tamén as instalacións. Por iso e dado que o investimento repercutirá na mellora dunha propiedade pública, inclúese agora unha achega económica ao concesionario. A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo comprométese a contribuír ao financiamento dos gastos derivados da devandita contratación, polo total de dous millóns de euros en dous anos.

O prazo da concesión será de 15 anos (fronte aos 10 dos anteriores procesos de contratación), con posibilidade de ser prorrogado por cinco anos máis previo acordo expreso do órgano de contratación. O modelo de negocio será decisión do concesionario.

Esta concesión réxese pola Directiva Europea de Concesións, en base a cal débese calcular o valor de negocio da concesión estimando os ingresos que a concesionaria percibirá durante o tempo que dure o contrato. Neste caso, a estimación dos ingresos por ano nos servizos de aloxamento, restaurante, cafetería e tendas, entre outros, é de 73,5 millóns de euros (fronte aos 41 millóns do anterior expediente de contratación). Cómpre subliñar que esta cantidade non deberá ser abonada nin pola concesionaria nin pola Xunta de Galicia pois, como se indica, é só unha estimación do valor de negocio solicitada pola normativa europea na que se ampara esta concesión.

A concesionaria si aboará, non obstante, un canon anual de 70.000€, cunha carencia de dous anos. Comezará a aboalo a partir do segundo ano e ata a final da concesión. Realizará, ademais, uns traballos cun valor de investimento de máis de dous millóns de euros, que comprende a obra e o equipamento.

A nova contratación do servizo para a explotación do complexo de aloxamento do Parque Monte do Gozo permite avanzar no Plan de Actuación do Parque Monte do Gozo, un espazo simbólico ao final do Camiño de Santiago onde a Xunta leva investidos máis de dous millóns de euros. Esta é unha das actuacións incluídas no Plan director do Camiño de Santiago que desde 2015 vén desenvolvendo importantes melloras na ruta xacobeá coa vista posta no Xacobeo 2021.

Culmináronse as intervencións paisaxísticas coa plantación de especies autóctonas, mobiliario, sinalización, adecuación de sendeiros, espazos de picnic e lecer, circuíto de running, disc-golf ou o centro de recepción de peregrinos a cabalo. O acondicionamento do Parque Monte do Gozo recuperou os usos de distintas zonas como o recinto de festivais, que acolleu con éxito a 84.000 persoas nas tres xornadas de O Son do Camiño, a confirmación definitiva da súa recuperación. Tamén se puxeron en marcha as piscinas que constan de tres áreas de baño integradas coa lagoa do Parque Monte do Gozo e ás que os usuarios poden acceder de balde.

No que se refire á fase de contratación do servizo de aloxamento, a Xunta de Galicia iniciara o ano pasado ano este proceso coa intención de poñer en funcionamento o complexo de aloxamento mediante concesión como explotación hoteleira. Tras quedar deserto, analizáronse as circunstancias que motivaron esta situación. Fixéronse exhaustivas análises das condicións económicas da concesión e para determinar os puntos débiles das condicións da concesión para atopar o equilibrio entre o interese

---

público –que fai imposible reducir os custos fixos do mantemento e ratios de persoal necesarios para atender o complexo de forma eficaz e eficiente- e o lexítimo interese das empresas de obter rápidos e prontos beneficios.

## A XUNTA APOIA CON 12,4M€ AS 2500 PERSOAS CON DISCAPACIDADE DOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO E IMPULSA A CREACIÓN DE 40 POSTOS INDEFINIDOS

- *A convocatoria de axudas 2018/2019 inclúe o financiamento para as unidades de apoio, para a creación, ampliación, mantemento e adaptación de postos laborais e para o mantemento do custo salarial dos empregados dos 107 centros de Galicia*
- *Incrementáanse as contías das axudas para a creación de emprego estable e amplíanse a cinco os colectivos que optan a un 25% máis dos apoios: mulleres, maiores de 45 anos, emigrantes retornados, persoas con discapacidade severa e para os centros situados no rural*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria prevé beneficiar 60 traballadores das unidades de apoio que atenden a 420 persoas con discapacidade severa*
- *A medida forma parte da Axenda 20 coa que a Xunta impulsa o emprego inclusivo, un eido ao que destina este ano 14,6 millóns de euros en incentivos á contratación de persoas con discapacidade nas empresas galegas*

A Xunta apoiará con 12,4 millóns de euros os postos de traballo das preto de 2500 persoas con discapacidade dos 107 centros especiais de emprego (CEE) de Galicia. O Consello da Xunta informou hoxe sobre a convocatoria das axudas para 2018 e 2019 coas que tamén se prevé a creación de 40 empregos indefinidos e o financiamento na contratación de 60 traballadores para as unidades de apoio que atenden no seu labor diario a 420 persoas con discapacidade severa.

Esta iniciativa, que forma parte da Axenda 20, enmárcase no orzamento global que a Xunta está destinando este ano aos programas específicos para o emprego das persoas con discapacidade, que suman un total de 14,6 millóns de euros. Ademais dos apoios aos centros especiais de emprego, a Consellería de Economía, Emprego e Industria destina 1,2 millóns para os incentivos á contratación das persoas con discapacidade na empresa (o prazo de solicitude está aberto ata o 15 de outubro) e un millón para un programa para a contratación de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.

No relativo á convocatoria para os centros especiais de emprego, que sairá publicada este mes no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), inclúe novidades e tres programas diferenciados: axudas ás unidades de apoio; á creación, ampliación, mantemento e adaptación dos postos de traballo; e ao mantemento do custo salarial dos traballadores dos centros especiais.

Para as axudas ás unidades de apoio, o primeiro dos programas, a contía base será de 2.400 euros anuais por cada traballador con contrato indefinido ou temporal igual ou

superior a 6 meses. Os beneficiarios últimos desta actuación son os traballadores con discapacidades severas que conten cun contrato superior a 6 meses ou que teñan condición de socio traballador dos centros especiais. Por discapacidade severa enténdense as persoas cunha discapacidade psíquica maior ou igual ao 33% e cunha discapacidade física ou sensorial maior ou igual ao 65%.

### **Emprego indefinido**

No segundo programa, por cada posto creado a xornada completa, a axuda para os centros especiais de emprego sen ánimo de lucro oscilará entre os 12.000 e 27.000 euros. Nesta convocatoria, como novidade, increméntanse as contías: as mínimas nun 0,5% e as máximas nun 16,6%.

O Goberno galego, ademais, amplía de tres a cinco o número de colectivos que poden optar a un 25% máis de axuda: mulleres, maiores de 45 anos, emigrantes retornados, persoas con discapacidade severa e para os centros especiais emprazados no rural galego.

Os incentivos á adaptación ou eliminación de barreiras serán de 2000€ por cada posto adaptado no caso dos centros sen ánimo de lucro. A Xunta, ademais, financia o desenvolvemento de asistencias técnicas con 15.000€ por cada centro.

Co terceiro dos programas finánciase parcialmente o custe salarial cunha axuda de 367,95 euros, o que supón o 50% do salario mínimo interprofesional (SMI), aínda que a contía se eleva ata o 60% para as persoas con discapacidade severa fronte ao 56% da convocatoria anterior.

Como novidade este ano tamén introdúcese a posibilidade de conceder pagamentos anticipados de ata o 90% fronte ao 80% da convocatoria anterior nas anualidades de 2019 do primeiro e terceiro programa.

Esta medida forma parte da Axenda 20 coa que a Consellería de Economía, Emprego e Industria está favorecendo a integración laboral das persoas con discapacidade, que son un colectivo prioritario nas políticas activas de emprego da Xunta. En definitiva, a Xunta traballa polo emprego inclusivo cun reto principal: mellorar as condicións de empregabilidade dos galegos e galegas, dando resposta ás persoas que teñen máis dificultades para atopar un emprego.

Os centros especiais de emprego son considerados servizos de interese económico xeral en canto que son iniciativas empresariais que combinan a viabilidade económica empresarial coa integración laboral do maior número de persoas con discapacidade.

## **EDUCACIÓN FAVORECERÁ O RETORNO DA MOCIDADE DO EXTERIOR CON 100 BOLSAS DE 10.000 EUROS PARA CURSAR UN CICLO SUPERIOR DE FP**

- *O alumnado recibirá apoio económico ao longo dos dous cursos do ciclo, aínda que debe cumprir os requisitos de matriculación e rendemento académico*
- *Esta medida, incluída na Estratexia Retorna 2020 da Secretaría Xeral da Emigración, súmase ás axudas para cursar un máster ou grao universitario*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria favorecerá o retorno da mocidade do exterior para que cursen un ciclo de grao superior de Formación Profesional coa convocatoria dun total de 100 bolsas, cada unha delas dotada con 10.000 euros. Os beneficiarios poderán desenvolver os seus estudos ao longo dos dous cursos do ciclo. O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace a esta orde de axudas en réxime de concorrencia competitiva, para a cal o departamento educativo do Goberno galego mobiliza un millón de euros.

Esta medida, incluída dentro da Estratexia Retorna 2020 posta en marcha pola Secretaría Xeral da Emigración, busca incentivar o retorno dos galegos do exterior, non só dos emigrados, senón tamén dos seus descendentes, favorecendo a súa incorporación e a dos seus fillos nos centros de ensino secundario da comunidade, así como no sistema universitario de Galicia.

De feito, esta acción súmase ás Bolsas de Excelencia Mocidade Exterior para rapaces que queren cursar un máster (xa vai pola segunda convocatoria despois de beneficiar a 100 mozos), así como ás axudas para estudantes de grao retornados. Esta última, aínda por poñer en marcha, trátase dunha medida incluída no Plan de excelencia para o sistema universitario de Galicia, coa que se busca incrementar o número de alumnado iberoamericano nas tres universidades galegas.

Nos tres casos, o obxectivo último é promover que os mozos galegos que residen no exterior non só estuden en Galicia (ben sexa un ciclo superior, un grao ou un máster), senón que finalmente se incorporen ao mercado laboral galego.

### **Requisitos na solicitude e concesión da bolsa**

Neste procedemento, o mozo ou moza debe cumprir e acreditar unha serie de requisitos tanto no prazo de presentación de solicitudes, como na propia data de concesión da bolsa. Deste xeito, cando presente a súa solicitude debe ser menor de 30 anos; estar en posesión da nacionalidade española; residir no estranxeiro; e acreditar un mínimo de dous anos de residencia no estranxeiro inmediatamente anteriores á data final do prazo de presentación da solicitude. Ademais, é necesario ser emigrante nado en Galicia ou ter residido en Galicia de xeito continuado durante dez

---

anos con nacionalidade española antes de emigrar, ou ser descendente por consanguinidade dunha persoa que cumpra algunha destas condicións e ter nacido no estranxeiro; así como cumprir os requisitos académicos de acceso a ciclos de grao superior de FP.

Na data de concesión da bolsa, no caso das persoas nadas no estranxeiro, deben acreditar estar vinculadas (residencia legal) a un concello galego e estar matriculadas no curso 2018/19 nun ciclo de formación profesional de grao superior sostido con fondos públicos, ben de réxime ordinario ou de formación profesional dual.

### **5.000 euros cada curso**

Cada bolsa está dotada cunha contía de 10.000 euros, que se distribuirán en 5.000 euros para cada curso. En todo caso, os pagamentos estarán condicionados aos requisitos de matriculación e rendemento académico. Neste sentido, no caso de non cumprir os requisitos de promoción a 2º curso (ter aprobado o 70% dos módulos da 1ª avaliación) e, xa que logo, non poder matricularse nel, non se percibirá a axuda do segundo ano.

Tras a súa aprobación por parte do Consello da Xunta, a orde publicarase no *Diario Oficial de Galicia*. A partir de aí, os interesados terán un prazo dun mes para presentar a súa solicitude.



---

## EDUCACIÓN AMPLÍA A SÚA COLABORACIÓN CON I-LAB EN MATERIA DE TRANSPORTE ADAPTADO

- *A través de convenios con diferentes entidades facilitarase este servizo a 301 usuarios o vindeiro curso*
- *Ademais, a Xunta facilitará o comedor adaptado a 494 usuarios*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ampliará a *addenda* do convenio establecido con I-LAB Centro Especial de Emprego SL para posibilitar o transporte de alumnado discapacitado a centros educativos radicados na provincia da Coruña. Ao abeiro dos convenios, as devanditas asociacións comprométense a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos especializados de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Pola súa banda, a consellería farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos.

En concreto, facilitarase o desprazamento dos centros educativos CEIP San Pedro de Visma e CEIP Juan Fernández Latorre dende os seus domicilios aos ditos centros educativos, radicados na provincia da Coruña (ida e volta), así como a ou dende os centros nos que reciba tratamento rehabilitador cando este coincida co horario escolar. O obxectivo é garantir unha atención individualizada, así como dar unha resposta adecuada ás necesidades e particularidades de cada usuario.

Deste xeito, a Xunta porá este servizo a disposición de 301 usuarios o curso que vén, cun investimento total de 948.537,76 euros. A maiores, o Goberno galego ten autorizado a sinatura de *addendas* con diferentes asociacións e entidades para facilitar ao alumnado discapacitado a utilización do comedor escolar, asumindo a súa atención e coidado durante o período comprendido entre a fin das clases e o remate do servizo de comedor. Para este fin destinaranse o curso que vén un total de 210.369,3 euros, do que se beneficiarán 494 usuarios.

## **A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN RENOVA A COLABORACIÓN CON TRES ENTIDADES PARA OFRECER UNHA MELLOR CUALIFICACIÓN AO ALUMNADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de addendas aos convenios asinados coa Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia 'José Antonio Quiroga y Piñeyro', coa Fundación Laboral da Construción e coa Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada*
- *As familias profesionais beneficiadas son as de sanidade e madeira, moble e cortiza*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura de addendas aos convenios de colaboración que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten subscritos coa Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia 'José Antonio Quiroga y Piñeyro', coa Fundación Laboral da Construción e coa Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, a través dos que se ofrece unha mellor cualificación ao alumnado de ciclos formativos de FP das familias profesionais de Sanidade e de Madeira, moble e cortiza. O orzamento destinado á renovación destes acordos ascende a 86.050 euros.

A través desta colaboración facilitarase o acceso do alumnado ao espazo e equipamento destas fundacións ao longo do curso 2018/19, co fin de que poida adquirir mellores competencias no desenvolvemento das tarefas relacionadas coas súas competencias profesionais.

No caso do acordo coa Fundación Laboral de la Construcción, o obxectivo é que o alumnado do ciclo de grao medio de Carpintería e Moble do CIFP Politécnico de Lugo poida utilizar os espazos e equipamento preciso nas instalacións desta fundación. En concreto, nela impartirase, á parte da formación curricular do ciclo superior Deseño e amoblamento, que se oferta na modalidade de formación profesional dual, durante o período de setembro de 2018 a marzo de 2019; así como tres módulos do ciclo formativo de grao medio Carpintería e moble.

Por outra banda, ao abeiro do convenio coa Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, as ensinanzas do ciclo formativo de grao medio en Carpintería e Moble do IES Antón Losada Diéguez (A Estrada) desenvolveranse de forma compartida entre as instalacións da fundación e as do instituto.

No que atinxe ao acordo coa Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia 'José Antonio Quiroga y Piñeyro', ten como finalidade que o alumnado que curse ensinanzas da familia profesional de Sanidade no CIFP Ánxel Casal Monte-Alto (A Coruña) poida utilizar as instalacións desta entidade. Deste xeito, impartirase nas instalacións da

---

Fundación Centro Oncolóxico de Galicia 'José Antonio Quiroga y Piñeyro' o módulo de Dosimetría física e clínica e ao de Simulación do tratamento, para os que cómpren unhas instalacións especiais das que non dispón o CIFP Ánxel Casal Monte-Alto. A Fundación achegará tamén o profesorado especialista necesario para o desenvolvemento dos módulos referidos; mentres que a Consellería se fará cargo dos gastos de funcionamento necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas obxecto deste convenio.

## **A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS COLABORARÁN NA MELLORA DA PISTA DEPORTIVA DO CEIP JULIO GURRIARÁN**

- *O departamento educativo da Xunta de Galicia achegará o 66% do importe total da obra*
- *A instalación poderá ser empregada para outras actividades fóra do horario lectivo, polo que redundará nun beneficio para todo o municipio*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello do Barco de Valdeorras asinarán un convenio de colaboración para a mellora da pista deportiva do CEIP Julio Gurriarán, na devandita localidade ourensá. Así o autorizou o Consello da Xunta, que deu luz verde á sinatura deste acordo por un importe total de 441.424 euros.

Do total do orzamento, 291.424 euros serán achegados polo departamento educativo da Xunta de Galicia, mentres que os 150.000 euros restantes serán unha achega do Concello. Deste xeito, a Consellería levará a cabo a licitación, dirección, execución e recepción das obras incluídas no proxecto técnico e asumirá unha parte do custo da obra. Así mesmo, comprométese a que esta instalación poida ser destinada ao uso xeral para actividades educativas, deportivas ou culturais que se organicen fóra do horario lectivo, o que redundará nun beneficio para o conxunto do municipio.

Pola súa parte, ademais de achegar os 150.000 euros restantes, corresponderá ao Concello a posta á disposición da pista deportiva existente neste momento no CEIP Julio Gurriarán, coa finalidade de levar a cabo as obras previstas no proxecto, concedendo as autorizacións que fosen precisas. Así mesmo, asumirá o mantemento e a conservación das instalacións deportivas reformadas desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción das obras.

A actuación permitirá mellorar a pista deportiva cuberta existente no CEIP, pechándoa lateralmente de maneira que permita o seu uso nos meses de inverno e nos días de choiva.

En concreto, as obras consistirán na substitución da cuberta con panel con illante intermedio, na execución dun peche lateral de paneis prefabricados de formigón con illamento na parte inferior e paneis de policarbonato celular na parte superior, que garantan a iluminación natural, así como na construción de aseos e vestiarios, xunto cun amplo espazo cuberto que permita o seu uso nos días de choiva, como espazo alternativo á pista que se pecha para uso deportivo.

---

Deste xeito a infraestrutura disporá das condicións de illamento e confort para impartir a materia de educación física e para as actividades deportivas do alumnado do centro, así como para a súa utilización fóra do horario lectivo polos clubs, asociacións e poboación en xeral da localidade.

## MEDIO RURAL E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CREAM UNHA UNIDADE DE INVESTIGACIÓN PARA XESTIONAR AS PRAGAS FORESTAIS

- *O convenio céntrase no seguimento e control da avespiña e do cancro do castiñeiro, así como a análise de mostras do defoliador do eucalipto*
- *O convenio ten unha duración de catro anos e un orzamento total que supera o millón de euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural a asinar un novo convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra co obxecto de crear unha unidade denominada "xestión de pragas e enfermidades forestais" durante os anos 2018, 2019, 2020, 2021 e 2022.

A sanidade vexetal é unha prioridade da Administración galega e, por iso, é preciso dedicarlle todos os medios dispoñibles para seguir traballando na identificación dos axentes patóxenos que causan enfermidades nos vexetais e especies forestais, co fin de proceder á súa determinación e clasificación.

A creación desta unidade mixta de investigación, que estará dotada por persoal e medios da Dirección Xeral de Ordenación Forestal e da Estación Fitopatolóxica do Areeiro, terá como finalidade o seguimento dunha serie de pragas -que afectan principalmente as especies forestais dos castiñeiros e eucaliptos- e velar así pola protección dos montes promovendo unhas medidas de prevención, protección e tratamentos necesarios.

En concreto, as principais liñas que vai desenvolver esta unidade mixta céntranse na realización dos controis pertinentes para a boa execución da loita biolóxica fronte a avespiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*); a preparación, seguimento e control da eficacia dos inóculos empregados para o control das cepas virulentas do cancro do castiñeiro (*Cryphonectria parasitica*). Tamén servirá para avaliar o estado do control biolóxico do defoliador do eucalipto (*Gonipterus platensis*) mediante a análise de mostras e os controis de calidade do material de solta.

Estes tres axentes bióticos ocasionan importantes perdas económicas aos propietarios forestais de Galicia, polo que a posta en marcha do convenio -para o cal hai un orzamento total de algo máis dun millón de euros para os catro exercicios- contribuirá a aumentar a rendibilidade dos montes de Galicia que, na súa inmensa maioría, son de propiedade privada.

---

### **Anos de colaboración**

A Consellería do Medio Rural e a Deputación Provincial de Pontevedra veñen colaborando desde hai anos na conservación e a mellora do estado sanitario dos bosques de Galicia, a través da posta en marcha de distintos convenios. En cumprimento dos convenios asinados con anterioridade, a Estación Fitopatolóxica do Areeiro prestaba á consellería unha serie de servizos relacionados coa loita contra pragas e enfermidades forestais e vexetais, que eran financiados con cargo ao orzamento da Xunta. A principal novidade deste proxecto de convenio é que as dúas entidades achegarán tanto medios humanos como materiais, constituíndo unha unidade mixta que desenvolverá liñas de traballo comúns.

## A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 28 MILLÓNS DE EUROS ATA 2021 PARA COLABORAR COA ADMINISTRACIÓN LOCAL NA PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

- *O Consello do Goberno galego autorizou a Consellería do Medio Rural a asinar un convenio coa Fegamp para crear un sistema público de xestión da biomasa nas chamadas faixas secundarias, preto dos núcleos de poboación*
- *Este acordo permitirá actuar ao longo de 4 anos nunhas 16.000 hectáreas de faixas secundarias, garantindo a intervención naqueles concellos máis afectados polos lumes*
- *Os propietarios forestais que se comprometan con esta medida, adheríndose a un contrato de xestión, aboarán unha tarifa uniforme fixada por hectárea de 350 euros para o control da biomasa nos seus terreos*

A Xunta investirá máis de 28 millóns de euros ata o 2021 para establecer un sistema público de xestión da biomasa nas chamadas faixas secundarias, é dicir, nas franxas preto dos núcleos de poboación, en colaboración coa Administración local, que cofinanciará as actuacións previstas.

O obxectivo desta iniciativa é reforzar a prevención e defensa contra os incendios forestais, mediante un convenio de colaboración que subscribirán o Goberno galego, a través da Consellería do Medio Rural, a empresa pública Seaga e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura deste acordo, que permitirá actuar ao longo de 4 anos nunhas 16.000 hectáreas de faixas secundarias, garantindo a intervención naqueles concellos máis afectados polos lumes. Os traballos enfocaranse tanto aos terreos abandonados como naqueles de particulares que se adhiran a un contrato de xestión de biomasa coa entidade xestora do devandito sistema público.

Os propietarios forestais que se comprometan, aboarán unha tarifa uniforme fixada por hectárea de 350 euros para a xestión da biomasa nos seus terreos. Beneficiaránse así das vantaxes do sistema, que inclúen a asunción polas administracións públicas dos maiores custos a que poidan dar lugar estes traballos.

### Visor web

Para facilitar estas tarefas, a Xunta porá en marcha un visor web específico de acceso público que conterá as faixas secundarias de xestión de biomasa naqueles concellos con plans xerais de ordenación municipal adaptados á Lei de ordenación urbanística (LOUG). A partir da intersección das faixas secundarias xeradas cun avanzado sistema de información xeográfica (GIS) e da cartografía catastral dispoñible na sede



---

electrónica do Catastro, coñeceranse as parcelas afectadas en cada caso, coa súa referencia catastral correspondente. E con información vectorial actualizada poderase identificar cada nova actuación sobre o territorio neste eido.

En función das novas adaptacións dos planeamentos municipais e dos plans de prevención aprobados, incorporaranse gradualmente os concellos restantes. Toda esta información presentarase sobre a última foto aérea dispoñible, consultarase a partir dun navegador web e será de acceso público.

A sinatura deste convenio forma parte dos compromisos adquiridos polo Goberno galego para intensificar a prevención e loita contra os incendios forestais, neste caso por medio da colaboración con outras administracións, nomeadamente a local, que ten competencias ao respecto, especialmente no que atinxe á xestión das referidas faixas secundarias.

---

## **A CONSELLERÍA DO MAR DESTINA PRETO DE 82.000 EUROS A FOMENTAR A ESPECIALIZACIÓN ACUÍCOLA A TRAVÉS DE CATRO BOLSAS DE FORMACIÓN**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o compromiso do gasto destas bolsas de especialización, dirixidas a titulados en ciclos formativos de acuicultura co fin de facilitar a súa especialización e incorporación á vida laboral*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o compromiso do gasto para a convocatoria de catro bolsas de formación dirixidas a titulados de ciclos formativos en materia de acuicultura. Para o financiamento destas estadías, a Consellería do Mar destina preto de 82.000 euros para as anualidades 2018, 2019 e 2020, co fin de fomentar a investigación e especialización en materia acuícola.

Estas bolsas de especialización posformativa son para a realización de prácticas de xestión e produción de cría de bivalvos durante dous anos no Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFa) da Illa de Arousa. A Consellería do Mar aposta pola especialización do alumnado e por facilitar o seu acceso ao mundo laboral, de aí o seu interese en convocar estas bolsas.

As estadías serán en réxime de empresa tutelada, é dicir, os titulados realizarán as prácticas laborais nun ámbito de empresa ficticia, no que se reproducen os medios e procesos de produción e xestión reais, pero na que a titularidade é da Administración responsable do proceso de formación.

Poderá optar a estas bolsas todo o alumnado titulado como técnico/a medios en Operacións de Cultivo Acuícola, técnico/a medios en Cultivos Acuícolas, técnico superior en Produción Acuícola e técnico superior en Acuicultura, sempre que non fosen beneficiarios de axudas similares para o mesmo fin. O importe de cada bolsa inclúe unha asignación mensual bruta de 800 euros e a alta no réxime xeral da Seguridade Social. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o día da publicación da orde no DOG.

## **AS AXUDAS DA XUNTA PARA INVESTIMENTOS NOS EIDOS DA ACUICULTURA E DA TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS DO MAR MOBILIZAN MÁIS DE 70 MILLÓNS DE EUROS**

- *A Consellería do Mar resolveu a concesión destas achegas, enmarcadas nas convocatorias de 2018, por valor de 27 millóns de euros para un total de 130 proxectos de melloras realizadas nestes sectores*
- *Destes proxectos, 80 pertencen ao eido da acuicultura e subvencionaranse por valor de preto de 9 millóns de euros e os 50 restantes son do sector da transformación e as axudas aprobadas supoñen un valor de máis de 18,4 millóns de euros*

A Consellería do Mar vén de aprobar axudas por valor de 27 millóns de euros para un total de 130 proxectos de melloras realizadas nos ámbito da acuicultura e da transformación dos produtos do mar. Estes fondos, enmarcados nas convocatorias de 2018 e cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), permitirán mobilizar un investimento global de máis de 70 millóns de euros. Así se reflicte en dous informes analizados hoxe no Consello da Xunta sobre a resolución das convocatorias de 2018 destas achegas.

Por unha banda, as axudas do eido da acuicultura están destinadas aos bateiros, ás confrarías de pescadores e aos acuicultores que promovan unha actividade sustentable. Son para apoiar os investimentos produtivos, o incremento da eficiencia enerxética e o fomento do uso de fontes de enerxía renovables, así como os servizos de asesoramento técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico neste eido.

En concreto, ao abeiro da convocatoria deste ano destas axudas, a Consellería do Mar subvencionará 80 proxectos de acuicultura por valor de preto de 9 millóns de euros, que supoñen un investimento total de máis de 27,6 millóns de euros. Ao igual que en anos anteriores, a maioría dos proxectos aos que lle foi aprobada axuda, é dicir, máis do 76%, pertencen ao sector do mexillón.

Por outra banda, as achegas a proxectos de transformación de produtos do mar diríxense a pequenas e medianas empresas deste sector e teñen como obxecto mellorar a súa eficiencia enerxética, reducir o impacto no ambiente, promover a innovación e mellorar as súas condicións de traballo e de seguridade, entre outros aspectos. No marco da convocatoria de 2018 destas achegas, a Consellería do Mar aprobou axudas a 50 proxectos por un importe de máis de 18,4 millóns de euros que supoñen un investimento total de 43 millóns de euros.

### **Axudas aprobadas no Consello**

Dentro destas axudas aprobadas pola Consellería do Mar, o Consello da Xunta autorizou hoxe a concesión destas achegas a seis proxectos de tres empresas do eido da acuicultura e da transformación dos produtos do mar. As axudas concedidas a estes proxectos por valor de preto de 12 millóns de euros mobilizarán preto de 33 millóns de euros.

Na área de acuicultura, o Consello autorizou a axuda para dous proxectos da empresa Acuidoro para desenvolver na súa planta de Cervo (Lugo). Un é para a realización dun novo sistema de recirculación de auga para o linguado e para a ampliación do viveiro de rodaballo e outro é para a mellora no proceso de engorda. Os investimentos a realizar para desenvolver estas iniciativas son de preto de preto de 14,5 millóns de euros e o valor total da subvención é de máis de catro millóns de euros.

Dentro das axudas de transformación de produtos do Mar, o Consello aprobou achegas para un proxecto da empresa Auxiliar Conservera e para tres proxectos da depuradora de moluscos La Sirena. No caso de Auxiliar Conservera o proxecto é de modernización tecnolóxica e ambiental da planta de transformación de subprodutos da pesca das súas instalacións de Redondela. Este proxecto supón a mobilización de máis de 9,5 millóns de euros e o importe da axuda é de máis de 4,5 millóns de euros.

As axudas aprobadas para a depuradora de moluscos la Sirena son para tres proxectos de lanzamento de novos produtos nas súas instalacións de Cambados. Un de salsa lixeira e medidas aforro enerxético e xestión de residuos, outro de produtos innovadores, introdución de novos sistemas de xestión e organización e medidas de aforro enerxético e o terceiro de novos produtos elaborados con innovación industria 4.0 en procesos. Estas iniciativas supoñen un investimento total de preto de nove millóns de euros e reciben unha achega total de máis de 3,3 millóns de euros.

## A XUNTA ESTIMA QUE GALICIA PERDERÁ EN 2019 UNS 200 MILLÓNS DE EUROS DE INGRESOS PROCEDENTES DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO

- *Galicia terá que elaborar os Orzamentos con 7 millóns menos de ingresos respecto ás contas deste ano, pese a que lle corresponderían 191 millóns máis*
- *A Xunta entende que non hai razóns obxectivas que xustifiquen este descenso nun momento de crecemento económico*
- *É un feito inédito desde 2013 e terá unha grave afectación sobre o financiamento dos recursos públicos no vindeiro ano*
- *O Goberno galego vaise dirixir ao Ministerio de Facenda para trasladarlle esta situación, dado que é o Goberno a quen lle corresponde arranxala*
- *Ademais, a inestabilidade política impide á Xunta aprobar en tempo e forma o teito de gasto para 2019*

A Xunta estima que a Comunidade Autónoma de Galicia perderá o vindeiro ano uns 200 millóns de euros de ingresos procedentes do sistema de financiamento autonómico, tal como reflicte un informe sobre a estimación dos recursos do sistema de financiamento para 2019 elaborado pola Consellería de Facenda.

Segundo os cálculos realizado pola Administración autonómica a partir das cifras que vén de facilitar o Ministerio de Facenda, Galicia terá que confeccionar os Orzamentos para o vindeiro ano con 7 millóns de euros menos de ingresos do sistema de financiamento respecto ás cifras coas que elaborou as contas deste ano, pese a que lle corresponderían uns 191 millóns de euros máis.

A Xunta de Galicia entende que non hai razóns obxectivas que xustifiquen este descenso dos recursos que recibe Galicia nun momento de crecemento económico. De feito, o Produto Interior Bruto (PIB) de España medrará o vindeiro ano un 4,2% en termos nominais, segundo as previsións do Goberno de España, e o límite de gasto non financeiro para 2019 aprobado en Consello de Ministros, que tamén medra por riba do 4%.

Segundo as cifras recompiladas pola Xunta, unha redución dos recursos totais procedentes do sistema de financiamento autonómico sería un feito inédito desde o inicio da recuperación económica. A última vez que o Goberno galego tivo que realizar uns Orzamentos cun descenso dos recursos do sistema de financiamento foi no verán de 2013, cando España aínda permanecía en recesión económica.

Ademais, un descenso nos recursos do sistema de financiamento autonómico terá unha grave afectación sobre o financiamento dos servizos públicos no vindeiro ano,

---

toda vez que estes ingresos veñen representando nos últimos anos arredor do 80% do total do Orzamento da Comunidade Autónoma.

Neste sentido, o Goberno galego vaise dirixir ao Ministerio de Facenda para trasladarlle o desacordo coa previsión de ingresos que se vén de comunicar a Galicia. Tamén demandará que da Administración do Estado que tome as medidas oportunas para solucionar esta situación, toda vez que é ao Goberno central a quen lle corresponde arranxala.

### **Non aprobación do Teito de gasto**

Ao mesmo tempo, a Consellería de Facenda informou de que a actual situación de inestabilidade política no ámbito estatal impide ao Goberno galego aprobar en tempo e forma o teito de gasto de Galicia para o exercicio 2019, que de xeito habitual vense aprobando nos últimos días de xullo para a súa remisión ao Parlamento.

Na última reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF) celebrada o pasado martes, o Ministerio de Facenda retirou da orde do día a aprobación do límite de déficit individual de cada comunidade autónoma por non ter validada previamente en Cortes a senda de estabilidade orzamentaria. A consecuencia disto Galicia non pode aprobar polo momento o seu teito de gasto, tal como establece a lexislación galega.

## A XUNTA MOBILIZARÁ INVESTIMENTOS POR 10M€ EN PROXECTOS DE MEDIO CENTO DE EMPRESAS PARA SEGUIR AVANZANDO NA INDUSTRIA 4.0

- *A Xunta publicará mañá a terceira edición dos premios e axudas de Industria 4.0 coa que se apoiarán como mínimo seis novas iniciativas colectivas para implantar a fábrica intelixente en sectores estratéxicos da economía galega*
- *Elévase ata 1,5 millóns de euros a axuda máxima para impulsar cada un dos plans sectoriais aprobados*
- *Nas dúas edicións anteriores desta actuación beneficiáronse 70 empresas, o que supuxo unha mobilización de máis de 15M€ en investimentos altamente tecnolóxicos*
- *Os sectores da automoción, madeira, agroalimentario, metalmecánico, aeronáutico e naval, impulsados polos respectivos clústers, son os que están a actuar como locomotoras da Industria 4.0 en Galicia*
- *As tecnoloxías máis empregadas nos proxectos desenvolvidos ata a data están relacionadas coa automatización e a intercomunicación entre máquinas, seguidas das vinculadas á sensórica e á dixitalización de procesos*

A terceira convocatoria dos premios e axudas a proxectos Industria 4.0, unha iniciativa que impulsa a Xunta cun orzamento de máis de 4 millóns de euros, apoiará como mínimo seis novas iniciativas colectivas para seguir avanzando no desenvolvemento en Galicia da fábrica intelixente e conectada en sectores estratéxicos da economía. A previsión é mobilizar investimentos por 10 millóns de euros en proxectos de medio cento de empresas coordinadas por organismos intermedios de carácter sectorial, para seguir avanzando na implantación da Industria 4.0 en Galicia.

Entre as principais novidades da convocatoria, avaliada hoxe polo Consello da Xunta, cómpre salientar que se eleva desde 1 millón ata 1,5 millóns de euros o importe da axuda máxima para impulsar cada un dos proxectos sectoriais aprobados, co obxecto de facilitar a formación de grupos de empresas amplos e con investimentos de maior calado.

Como en convocatorias anteriores, cada un dos organismos intermedios promotores dos proxectos seleccionados recibirán un premio de 25.000 euros, como compensación polo seu labor na formación de grupos de empresas dispostas a investir no eido da Industria 4.0. Este traballo inclúe a localización, a coordinación e a dinamización dos plans de investimento.

A Xunta publicará mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a terceira edición desta actuación. Deste xeito, o prazo de solicitudes ábrese mañá e rematará o día 28 de setembro.

Os proxectos aprobados ao abeiro desta terceira convocatoria sumaranse aos impulsados polas 70 empresas beneficiarias das dúas edicións anteriores, que mobilizan máis de 15M€ en investimentos altamente tecnolóxicos, no eido da industria intelixente e conectada.

Os sectores da automoción, madeira, agroalimentario, metalmecánico, aeronáutico e naval, impulsados polos respectivos clústers, son os que están a actuar polo de agora como locomotoras da Industria 4.0 en Galicia. As relacionadas coa automatización e a intercomunicación entre máquinas son as tecnoloxías máis empregadas, nos proxectos desenvolvidos ata a data, seguidas das vinculadas á sensórica ou a dixitalización de procesos.

Os plans apoiados a través desta liña de axudas, ademais de beneficiar de xeito directo os traballadores das empresas que acometen investimentos 4.0 e aos dos organismos intermedios, que facilitan a cooperación, están chamados a actuar como investimentos de futuro, ao servir como exemplos a seguir por outras empresas no desenvolvemento da Axenda Industria 4.0

Esta actuación que impulsa a Consellería de Economía, Emprego e Industria é unha das accións incluídas na Axenda Industria 4.0, que se aprobou en maio de 2015 co obxectivo de impulsar a modernización do tecido produtivo galego. O primeiro plan bienal (2015/2016), que contaba cun orzamento inicial de 120 millóns de euros, impulsou accións por 143 millóns de euros, un 19% máis do previsto, acadando unha mobilización público-privada de 342 millóns de euros mediante iniciativas que beneficiaron preto de 4.200 empresas.

A Xunta destinará máis de 175 millóns de euros, un 46% máis que no bienio anterior, ás accións previstas no plan bienal da Axenda Industria 4.0 para 2017/2018, que se está a desenvolver e que tamén superará as previsións fixadas.



## NOVE DE CADA DEZ ALUMNOS QUE REALIZARON FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL ESTÁN TRABALLANDO DE XEITO ESTABLE

- *Os primeiros resultados de inserción laboral na FP Dual, correspondentes ao alumnado que finalizou no curso 2016/17, mostran unha moi boa satisfacción coa formación recibida tanto no centro como na empresa*
- *Actualmente, a FP Dual chega a 50 titulacións diferentes, 127 ciclos formativos, 32 centros educativos e cóntase con máis de 200 empresas colaboradoras de relevancia como Navantia, Inditex, Indra, Repsol, Hotusa ou Finsa*
- *Estes datos enmárcanse nun informe xeral sobre a evolución da FP nos últimos dez anos, nos que se incrementou case un 50% a matrícula, a oferta de ciclos formativos e a calidade dunha ensinanza sinónimo de innovación e modernidade*
- *Os ciclos adaptáronse ás necesidades dos sectores produtivos galegos e aos novos retos: o 33% dos que se impartiron o curso pasado non existían no 2008/09*

O consello da Xunta coñeceu un informe realizado pola Consellería de Educación sobre a evolución da Formación Profesional nos últimos dez anos, nos que se produciu unha auténtica revolución silenciosa e se consolidou un modelo que hoxe é sinónimo de calidade, modernidade, innovación, adaptación á realidade socio-económica e porta aberta ao emprego. Unha parte do dito informe está centrada na FP Dual, modalidade na que se alterna a formación entre o centro educativo e a empresa e na que o alumno recibe unha achega económica durante o período que pasa na compañía.

Os primeiros datos de inserción laboral na FP Dual, correspondentes ao alumnado que finalizou no curso 2016/17 e obtidos a través dos propios centros educativos, revelan que nove de cada dez alumnos (o 89,66% concretamente) están traballando de xeito estable. En concreto, son 13 puntos máis de inserción con respecto á FP a nivel xeral. Así mesmo, o 85% recibiu algunha oferta de emprego por parte da empresa na que desenvolveu o proxecto de FP dual, un dato que mostra o compromiso adquirido pola propia compañía.

Ademais, o estudo mostra unha moi boa satisfacción do alumnado con respecto á formación recibida, tanto no centro como na empresa. En ambos casos, máis do 80% do estudiantado valóraa cunha puntuación superior a un 4 sobre 6. E o 86% recomendaría a realización dun ciclo en FP Dual.

### **Matriculación multiplicada por 50 en cinco anos**

Cómpre salientar que, na actualidade, esta modalidade chega a 50 titulacións diferentes, 127 ciclos formativos e 32 centros educativos. Ademais, colaboran máis de 200 empresas, entre as que se atopan algunhas de relevancia mundial, e moitas delas galegas –como Inditex, Navantia, Hotusa, Finsa, Indra, Benteler, Báltico Automoción

Pérez Rumbao, Viaqua ou Lonza Biologics Porriño–, así como compañías de menor tamaño e organizacións empresariais que exercen de auténticos motores económicos na súa zona de influencia.

Deste xeito, pasouse dos 14 alumnos matriculados no curso 2012/13 (o primeiro da implantación da FP Dual en Galicia) a 736 no 2017/18. Isto é, multiplicouse por 50 a matriculación en apenas cinco anos. Ademais, por primeira vez no curso pasado abriuse a posibilidade de realizar esta modalidade no 2º curso de determinados ciclos, favorecendo así un contacto máis directo coa realidade empresarial.

A maiores, e dentro da estratexia para seguir impulsando a FP Dual, esta estase introducindo en sectores estratéxicos para a economía galega. De feito, o curso que vén 2018/19 ofertaranse nesta modalidade, e por primeira vez, 4 ciclos da familia profesional de Madeira e Moble e 2 de Marítimo-Pesqueira. No caso de Automoción e de Informática, multiplícase nun 200% a oferta con respecto ao curso que vén de rematar e en Fabricación mecánica, nun 600%.

### **A Galicia do futuro: crecemento intelixente**

Ao longo dos últimos dez anos, a Formación Profesional galega adaptouse ás demandas e necesidades do tecido socio produtivo galego. É dicir, construíuse unha FP axustada ás particularidades sociais e económicas de Galicia, tanto da Galicia actual como do futuro, apostando sempre por un crecemento intelixente ante os novos retos e desafíos.

Un dato resume esta estratexia: do conxunto dos 146 títulos formativos de grao básico, medio e superior que se impartiron no curso 2017/18, 49 (isto é, o 33%), non existían en 2008/09. Algúns destes ciclos, de vital importancia para a economía galega, son: CM Producción Agroecolóxica; CS Paisaxismo e medio rural; CS Enerxías renovables; CM Instalacións de Telecomunicacións; CS Animacións 3D, xogos e contornos interactivos; CS Vitivinicultura ou CS Desenvolvemento de Aplicacións web, entre outros.

Esta adaptación ás demandas da sociedade e dos sectores produtivos galegos tamén se observa no propio volume da oferta dos ciclos vinculados a determinadas familias profesionais. É o caso de Informática e Comunicacións, que pasou de ofertar 68 ciclos nos centros galegos en 2008 a 118 en 2018; de Hostalaría e Turismo (de 50 a 92); de Transporte de Mantemento de Vehículos (de 56 a 94); ou de Electricidade e Electrónica (cunha suba de 33 ciclos ao pasar de 123 en 2008 a 156 en 2018).

Neste contexto, as familias profesionais con máis matrículas están, en moitos casos, directamente ligadas con este incremento. Tomando como referencia os datos de

matrícula do curso pasado, a familia profesional con máis alumnos foi Administración e Xestión (7.051 matriculados), seguida por Sanidade (6.639), Informática e Comunicacions (5.003), Electricidade e Electrónica (4.288), Servizos Socioculturais e á Comunidade (4.056) e Hostalaría e Turismo (3.447).

### **Máis alumnos e ciclos**

Xunto a este aumento da calidade, a Formación Profesional tamén experimentou un notorio incremento de alumnado. O curso que acaba de rematar fíxoo, segundo datos estimativos, con arredor de 51.000 alumnos matriculados en todas as modalidades de FP, o que supón un 46,77% máis que en 2008/09.

Así mesmo, esta subida tamén se notou no número de ciclos sustentados con fondos públicos ofertados, ao pasar de 898 no 2008/09 a 1.257 (preto dun 40% máis) para o próximo curso 2018/19. Dentro destes 1.257, 984 corresponden á modalidade de presencial ordinario, 182 a presencial adultos, 46 a FP Dual e 45 á modalidade a distancia.

### **Emprendemento, innovación e plurilingüismo**

O informe tamén recolle a evolución dos viveiros de empresa nos centros educativos, que non só potencian o espírito emprendedor entre o alumnado, senón que melloran as calidades que se identifican con el como a busca do talento, a oratoria ou a creatividade. Actualmente, a rede de viveiros está conformada por un total de 26 centros, a raíz dos cales xurdiron 29 empresas en funcionamento fóra dos viveiros.

En canto á innovación, a Consellería impulsa a aparición de iniciativas e proxectos innovadores mediante convocatoria anual de premios a proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e a proxectos de innovación didáctica. Desde 2013 desenvolvéronse 120 proxectos de innovación desde os centros de FP e mobilizáronse 1,68 millóns de euros.

Por outra banda, a FP tamén se está axustando aos retos que presenta o actual mundo globalizado en canto ao coñecemento de linguas estranxeiras, nomeadamente o inglés. Por primeira vez, o curso pasado impartíronse 12 ciclos plurilingües, unha oferta que medrará en 2018/19. De feito, e aínda que está pendente de resolverse a convocatoria, solicitáronse 31 ciclos en 21 centros educativos.

### **O futuro: Campus FP e nova estratexia**

En todo caso, e pese a que os resultados cuantitativos e cualitativos dos últimos dez anos son notoria e manifestamente positivos, a Consellería seguirá traballando para consolidar o modelo de FP galega, referente en todo o Estado. Neste obxectivo enmárcase o recentemente presentado Campus FP Vigo, o primeiro campus

---

especializado en Formación Profesional de toda España. Este proxecto favorecerá o traballo en rede dos 16 centros educativos da comarca e suporá a construción dun novo edificio, o FP Hub, que actuará como corazón do campus.

Así mesmo, está previsto que no último trimestre do ano se presente a nova estratexia de Formación Profesional, unha folla de ruta coa que se buscará dar resposta aos novos perfís profesionais de futuro e preparar as xeracións vindeiras para os desafíos das próximas décadas, xerando máis oportunidades e emprego. Esta estratexia impulsará a modalidade Dual; a internacionalización da Formación Profesional; buscará unha maior implicación do tecido empresarial; e promoverá, desde os propios centros, unha I+D+i aplicada ás Pemes e que tamén sirva como base para a creación de novas empresas. Ademais, mellorará a inclusión do alumnado con discapacidade ou dificultades socio laborais e axudará a reducir o abandono educativo temperán.

## **PRETO DE CEN EMPRESAS BENEFICIARANSE DAS AXUDAS DE TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS QUE MOBILIZARÁN MÁIS DE 89 MILLÓNS DE EUROS NO RURAL**

- *O sector lácteo volve ser o máis beneficiado ao facerse co 58,7% do orzamento das subvencións*
- *Séguelle o cárnico con 23 proxectos presentados por valor de 13 millóns de euros de investimento*
- *Este ano ademais hai ata 17 iniciativas relacionadas con actuacións para a alimentación animal*

A Consellería do Medio Rural levou hoxe a Consello da Xunta un informe polo que se dá conta da aprobación das axudas de 2018 para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios do período 2014-2020 cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). A través desta convocatoria 97 empresas recibirán axudas por valor de 30.361.591,95 euros, que suporán un investimento de 89.377.067,80 euros en Galicia.

As axudas consisten en subvencións a fondo perdido para realizar actuacións en activos fixos materiais para a creación, ampliación e modernización das instalacións situadas na comunidade destinadas á transformación e/ou comercialización de produtos agrarios.

Por provincias a máis beneficiada é Lugo, co 45% das axudas e 32 proxectos que suporán un investimento de 40,7 millóns de euros no territorio. A Coruña, en cambio, gáñalle en número de iniciativas con 33 proxectos de 26,2 millóns. Recibirán unha achega para executalos de 9,2 millóns de euros. Ourense e Pontevedra, pola súa banda, contan con 14 e 18 iniciativas, respectivamente, por valor de 12 e 10,3 millóns. As axudas para estas provincias serán de 3,9 e 3,4 millóns de euros.

Por sectores, o máis importante volve ser o lácteo, que con 30 proxectos de 51,7 millóns de euros faise co 58,7% das subvencións (17,8 millóns de euros). Aquí están incluídos os tres proxectos xa presentados das industrias Inleit, Entrepinares e Peñasanta que se levou a aprobación no último consello. Só estas tres industrias farán un investimento global de case 38,5 millóns de euros.

Séguelle o ámbito cárnico, no que se apoiarán 23 proxectos cun investimento de 13,16 millóns de euros e unha axuda de 4,55 millóns. Os investimentos diríxense á modernización e melloras en matadoiros, salas de despezamento e industrias de elaborados cárnicos.

### **Apoio á horta galega**

No sector hortofrutícola concederanse axudas por importe de 1,84 millóns de euros a 13 proxectos, cun investimento total subvencionable de 5,95 millóns. As actuacións correspóndense con actividades relativas á manipulación e transformación de patacas, castañas, froitas e produtos da horta. Entre estes proxectos destacan un na provincia de Pontevedra que terá por obxecto a elaboración de purés, cremas e outros elaborados de diversas froitas e hortalizas, e outro localizado na provincia da Coruña para a instalación dunha planta de procesado de legumes secos.

Ademais, este ano destacan as iniciativas relacionadas coa alimentación animal. Hai ata 17 proxectos que recibirán unha achega de 1,3 millóns de euros e un investimento de 3,8 millóns. Neste caso, destacan as cooperativas, xa que representan dous de cada tres proxectos seleccionados e máis do 80% do investimento a realizar.

Ademais, noutros sectores de actividade, hai ata 14 proxectos subvencionados a través desta liña de axudas e que mobilizan outros 17,75 millóns de euros. Falamos de investimentos relacionados coa elaboración e envasado de mel e fabricación de produtos de panadería e augardente.